

Título: *Autoestima e interacción educativa del profesorado de relixión*

Autor: MONTANER ABASOLO, M^a Carmen

Cualificación: Sobresaliente *cum laude*

Ano de defensa: 2005

Universidade: Universitat de València

1. INTRODUCCIÓN

Na elaboración deste traballo de investigación, partiuse da convicción de que o traballo docente da materia de relixión require na práctica diaria un esforzo considerable en canto á motivación e mantemento do interese do alumnado, xa que, en numerosas ocasións, os valores nos que se educa non resultan moi atraentes, ao que se suma a confusión que xeran as noticias ofrecidas polos medios de comunicación e os continuos cambios. Así, en España, nestes momentos, atopámonos ante un debate social sobre a materia de relixión confesional nun país aconfesional.

Neste sentido, a autora formula a grande importancia da autoestima para o exercicio de todo docente, posto que mesmo a satisfacción e a realización persoal son proxectadas no alumno. Deste modo faise necesario abordar a relación entre o sentir como persoa e o quefacer como profesionais, e viceversa.

En liña co anteriormente exposto, a tese tratou de dar a coñecer cómo é a autoestima do profesorado de relixión para, sobre esta base, orientar acerca da súa mellora. Préstase logo especial atención aos factores externos que lle afectan, apuntando a posibilidade que ofrece unha interacción de empatía no traballo como instrumento para a mellora desta.

2. OBXECTIVOS

O fin desta investigación responde ao desexo de coñecer a realidade do profesorado de relixión da diocese de Valencia, no relativo á súa autoestima como profesionais do ensino de relixión confesional, tendo en conta que pode verse afectada por diversos factores externos e polo tipo de interacción educativa na aula.

Neste sentido, a principal hipótese da que parte este estudo é a seguinte: “el profesorado de relixión de los centros públicos estatales de la diócesis valenciana, es un colectivo con un grado de autoestima adecuado para desempeñar su labor con el talante y profesionalidad que se precisan hoy día en nuestra sociedad; y tiene una interacción educativa en el aula positiva para su mejora”.

3. ESTRUCTURA E METODOLOXÍA

Para a realización deste traballo e a contrastación da hipótese anteriormente explicitada, seguiu-se unha estrutura concreta, así como unha metodoloxía orientada á consecución do principal obxectivo formulado. Ao respecto, cabe destacar os seguintes pasos:

- Descubrimento do problema a investigar.
- Documentación e definición do problema.
- Suposición dunha resposta probable a este, ou hipótese.
- Dedución ou suposición das consecuencias das hipóteses ou subhipóteses.
- Deseño da verificación das hipóteses.
- Posta a proba ou contraste coa realidade da hipótese a través do cuestionario de escalas sociométricas.
- Establecemento das conclusións resultado da investigación.
- Extensión das conclusións ou xeneralización dos resultados.

4. CONTIDO

Polo que toca ao desenvolvemento do contido, podemos diferenciar nel catro grandes apartados:

- Os capítulos que fan referencia á fundamentación teórica necesaria para a realización da tese: neles afóndase na importancia da autoestima e as súas implicacións, as achegas teóricas, que a este respecto resultan ser de grande interese, así como na situación concreta dos profesores de relixión no relativo á autoestima.
- Os apartados tocantes ao deseño e implementación da investigación empírica: neles descríbese con detemento, tanto o proceso metodolóxico como o proceso lóxico seguido na realización da investigación, con todo o que iso supón.
- As cuestións referidas ás conclusións que se obteñen a partir do estudo: en relación aos diferentes factoriais e a cuestións complementarias que se incluíron no cuestionario, co fin de afondar máis no coñecemento da realidade.
- As recomendacións e orientacións finais dende o punto de vista educativo: esgrimidas co fin de optimizar a realidade persoal e educativa da poboación á que se fai referencia.

5. RESULTADOS-CONCLUSIÓNS

No relativo ás conclusións a destacar tras a realización do traballo, sinalaremos, en primeiro termo, aquela que fai referencia á hipótese principal. Así se pode concluír ao respecto, que o profesorado de relixión dos colexios públicos da diocese valenciana, é un colectivo cun nivel de autoestima, non só suficiente, senón alto para poder desenvolver o seu traballo axeitadamente. E esta autoestima integra a disposición e a capacidade de mellorala por medio do quefacer diario.

Por outra banda, respecto ás conclusións xerais, podemos sintetizalas en:

- A educación é un factor moi presente no profesorado de relixión. É dicir, este profesorado entende a súa función, sobre todo, como educadora, non como instrutora. É un colectivo moi coherente co que ensina.
- Obsérvase unha grande vocación, non só profesional, senón tamén comprometida coas persoas e coa sociedade. As relacións de empatía son moi boas con todos os axentes-partícipes da escola.
- A motivación vén do Evanxeo. Isto é, non dedican a clase a “valores” ou “temas de interese actual” sen a fundamentación do evanxeo, cumprindo, pois, co perfil, totalmente.
- Sorprende o grao de seguridade deste colectivo tan vulnerable na súa estabilidade laboral e na valoración externa do seu traballo.
- O profesorado máis novo é un grupo ao que lle afecta a falta de estabilidade.
- A identidade profesional do profesorado de relixión vese afectada polos factores externos xurídico-laborais e socio-políticos.

